

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional  
de Música de Viveiro



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2019/2020**

**MÚSICA DE CÁMARA DE CANTO**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	3
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES .....	3
▶ 4º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	3
1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	3
1.2. MÍNIMOS ESIXIBLES .....	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	3
2.1. AVALIACIÓN .....	3
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL .....	4
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO .....	4
2.4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN.....	5
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN) .....	6
3.1. ACTIVIDADES .....	6
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE).....	6
3.3. MATERIAIS E RECURSOS .....	6
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	6
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.....	6
4.2. PUBLICIDADE .....	6

## INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

#### ➤ 4º CURSO GRAO PROFESIONAL

##### 1.1. Criterios de avaliación

- Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente aos dous primeiros trimestres do presente curso.
- Actuar como membro e responsable do grupo de cámara, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte.
- Repentizar, con afinación correcta e precisión rítmica, unha obra homofónica ou polifónica con claros contornos tonais que conteña dificultades axeitadas aos contidos traballados durante os dous primeiros trimestres do presente curso.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado para os dous primeiros trimestres do presente curso.

##### 1.2. Mínimos esixibles

- Realizar un pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico dirixido polo profesor, baseado nos contidos traballados durante os trimestres 1º e 2º do presente curso.
- Interpretar, con corrección técnica e estilística, un total de seis obras de entre as propostas para os trimestres 1º e 2º do presente curso, tres delas a cappella e as restantes coa parte de piano correspondente, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.

### 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### 2.1. Avaliación

##### **Procedementos e ferramentas de avaliación:**

**Audicións internas:** Unicamente se terán en conta as audicións realizadas nos dous primeiros trimestres.

**Observación sistemática:** Na medida do posible e despois da declaración do estado de alarma, a valoración das actividades de repaso, reforzo, recuperación ou ampliación tratará de facerse por vía telemática. A elaboración dun caderno de seguimento do alumnado, onde quede constancia destas actividades, será a ferramenta básica para establecer este control.

**Técnicas audiovisuais:** Valorarase a posibilidade de recibir arquivos de vídeo ou audio por parte do alumnado, co fin de supervisar a asimilación e o asentamento dos contidos traballados durante os dous primeiros trimestres do presente curso. Será tamén posible, a xeito de corrección, este mesmo proceder por parte do/a profesor/a.

**Traballos de investigación e desenvolvemento:** O resultado da achega de traballos de carácter bibliográfico e analítico por parte do alumnado terá como finalidade o incremento da cualificación outorgada.

**Informes:** Cunha periodicidade semanal emitiranse informes, que serán remitidos de xeito telemático, onde deberá quedar constancia da comunicación co alumnado e as actividades desenvolvidas, que en ningún caso conlevarán unha rebaixa na calificación obtida no segundo trimestre.

## 2.2. Cualificación final

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

## 2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá, por unha banda, na realización dun pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico dirixido polo profesor, baseado nos contidos traballados durante os trimestres 1º e 2º do presente curso, e pola outra, na interpretación, con corrección técnica e estilística, dun total de seis obras de entre as propostas para os trimestres 1º e 2º do presente curso, tres delas a cappella e as restantes coa parte de piano correspondente, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara. O alumno/a deberá consultar o informe da materia non superada emitido polo profesor/a.

No caso de que a situación permita facer o exame de xeito presencial o alumno/a será o encargado/a de achegar o acompañante ou acompañantes musicais.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- realizar con corrección o traballo bibliográfico proposto: 20%
- responsabilidade á hora de asumir o papel de membro do grupo: 20%
- precisión técnica (afinación, dicción, empaste sonoro e dinámico) e rítmica: 20%
- demostración de reflexos para solventar problemas: 20%
- interpretación: 20%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba

extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

#### **2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación**

O presente epígrafe vai dirixido ao cuarto curso de Grao Profesional. As instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 8. ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA, punto 8.10, establece:

*A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.*

Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido na modificación da programación do curso anterior, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva para a realización da avaliación de materias pendentes poderá realizarse unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) que será valorada cós mecanismos establecidos con carácter xeral.

#### **PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:**

Aqueles alumnos/as que non obtiveran unha calificación positiva no primeiro ou no segundo trimestre, poderán optar á realización dunha proba que consistirá, por unha banda, na realización dun pequeno traballo de carácter bibliográfico e analítico dirixido polo profesor, baseado nos contidos traballados durante os trimestres 1º e 2º do presente curso, e pola outra, na interpretación, con corrección técnica e estilística, dun total de seis obras de entre as propostas para os trimestres 1º e 2º do presente curso, tres delas a cappella e as restantes coa parte de piano correspondente, mostrando coñecemento e dominio da xestualidade propia da música de cámara.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- realizar con corrección o traballo bibliográfico proposto: 20%
- responsabilidade á hora de asumir o papel de membro do grupo: 20%
- precisión técnica (afinación, dicción, empaste sonoro e dinámico) e rítmica: 20%
- demostración de reflexos para solventar problemas: 20%
- interpretación: 20%

Esta proba, dada a actual situación, realizarase de xeito telemático (vídeo, videoconferencia) e será en base ao establecido na presente modificación da programación didáctica.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)**

#### **3.1. Actividades**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo. As actividades que se levarán a cabo durante o terceiro trimestre serán: achega e intercambio de vídeos gravados polas diferentes partes.

#### **3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

O seguimento do alumnado realizarase mediante unha titoría semanal, vía telefónica, onde se plantexará a organización do traballo. Mediante o correo electrónico e o whatsapp, realizarase a achega e o intercambio de gravacións en vídeo das obras traballadas.

Non se aprezan alumnos/as sen conectividade, porén, o Concello de Viveiro ten programado un servizo de axuda para as familias que o poideran precisar.

#### **3.3. Materiais e recursos**

Os materiais que se empregarán e os recursos dos que se fará uso nesta situación de carácter extraordinario, co fin garantir a continuidade da actividade lectiva han ser: o teléfono e mais o ordenador con acceso a internet, nas súas modalidades ou aplicacións de chamada de voz, whatsapp e gravacións de audio e vídeo.

## **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

#### **4.1. Información ao alumnado e ás familias**

Empregaranse igualmente a comunicación por email e a chamada telefónica, para establecer un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e o progreso do alumnado.

#### **4.2. Publicidade**

Cada docente terá a obriga de informar ao seu alumnado e ás súas familias da presente programación didáctica a través de email ou do teléfono móbil.

A dirección do centro procederá á publicación das programacións na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.